

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



CANTAREIRAS NAS LETRAS

Arriba: Pandeireteiras de Mens.
Abaixo á esquerda: Eva Castiñeira.
Abaixo á dereita: Adolfin e Rosa Casás.

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

A Real Academia Galega
homenaxea na edición das
Letras Galegas do ano 2025
as cantareiras e a poesía popular
oral galega, representada nas
figuras de Adolfin e Rosa Casás,

Eva Castiñeira, Prudencia e Asunción Garrido, e Manuela Lema.
Considéraas garantes da nosa cultura popular transmitida
por medio de cantigas e bailes.

Esta homenaxe busca poñer en valor o labor dunhas mulleres
que foron as gardiás da nosa lingua e cultura popular,
transmitida por medio de cantigas e bailes e que grazas
a elas podemos coñecer parte da nosa historia como pobo
É a segunda vez que as Letras Galegas recaen en máis dunha
homenaxeada logo do ano 1998 cos trovadores da ría de Vigo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Achegamos un pequeno
resumo das biografías
das mulleres
homenaxeadas.

MULLERES GALEGAS

biografías



Rosa e Adolfin Casás

Adolfin e Rosa Casás Rama naceron no lugar da Igrexa no concello de Cerceda, onde viviron a maior parte da súa vida agás uns anos que Rosa emigrou a Inglaterra á cidade de Nottingham onde traballou de empregada do fogar. En Cerceda eran coñecidas en toda a contorna pola cantidade de pezas que coñecían. Foron visitadas por Dorothé Schubarth para a recollida do *Cancioneiro Popular Galego*.

Pandeireteiras de Mens

Naturais da parroquia de Mens, en Malpica de Bergantiños, eran cinco mulleres que ademais de traballar a terra formaron un grupo de cantareiras e pandeireteiras. Comezaron a tocar nas reunións e nos seráns da contorna e pouco a pouco foi medrando a súa sona, chegando a tocar no Teatro Colón da Coruña e a facer xiras por Francia, Portugal e Arxentina. No ano 2025 son homenaxeadas polo Día das Letras Galegas Prudencia, Asunción e Manuela. pois unha das normas do Día das Letras é que as persoas homenaxeadas leven máis dunha década mortas, e Adela e Teresa morreron hai menos de dez anos.



- Prudencia Garrido Ameijende (1905-1993)
- Asunción Garrido Ameijende (1915-2007)
- Manuela Lema Villar (1913-1993)
- Adela Rey Torrado (1920-2016)
- Teresa Lema Varela (1924-2019)

Eva Castiñeira

Cantareira e pandeireteira tamén homenaxeada no Día das Letras de 2025. Naceu no lugar de Agranzón, no concello de Muxía, e desde moi nena acompañaba a súa irmá a seráns e festas na Costa da Morte, pero tivo que deixalo porque marchou á Coruña a traballar no servizo doméstico. Eva nunca deixou de cantar, e foi a primeira pandeireteira en gravar un disco e tamén en subir a escenarios folk xunto ao grupo Milladoiro.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE


*Viva Mens e viva Asalo
terra donde m'eu criei.
Eu tamén digho que viva
ond'eu amores tomeie*

Canción popular recollida
por Dorothe Schubarth
e Antón Santamarina

a Asunción Garrido en Asalo, Santiago de Mens, Malpica.

MULLERES GALEGAS

colorea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Na edición das Letras
do ano 2025
homenaxeamos
un grupo de mulleres
cantareiras.

MULLERES GALEGAS

investiga

Ao longo das 63 edicións do Día das Letras Galegas,
cantas mulleres foron homenaxeadas?
Que che parece este dato?

Que muller pensas que pode ser homenaxeada
nas Letras do ano 2026?

Lembra que ten que cumprir tres condicións!

- A) Pasar dez anos do seu falecemento.
- B) Defender a nosa lingua e cultura
e ter obra no noso idioma.
- C) Ter unha vida digna de homenaxe.



Achegamos algunhas
das pezas que cantaban
as homenaxeadas
nas Letras Galegas.

MULLERES GALEGAS

Apréndelas e bótalle unha cantada. **canta**

*Aí vos vai a despedida,
aí vos vai a derradeira,
acabouse o chiculture,
rompeu a chicultureira.
Ai lalá lalalalalalá,
ai lalá lalalalalalá...*

Eva Castiñeira

*Bailador, bailadoriño,
bailador, bailadoriño,
o que ha de ser bailadore
ha de bailar amodiño.*

Pandeireteiras de Mens

*Bota leña nese lar,
anque sexa toxo macho,
que vai entrare a bailare
a pulga co carracho.
Ai, la la la la la
Ai, la la la la la...*

Rosa e Adolfinia Casás



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Repara nas biografías
das homenaxeadas
e relaciona
as frases coa súa
correspondente.

MULLERES GALEGAS

relacciona

Rosa e Adolfinia Casás
naceron no lugar da Igrexa en

Muxía

Formou parte do grupo
das Pandeireteiras de Mens

Prudencia Garrido

Gravou un disco

Pandeireteiras de Mens

Foron cantar xunto
á agrupación Aturuxo á Arxentina

Cerceda

Eva Castiñeira naceu en

Eva Castiñeira



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Comproba as relacións
que fixeches na páxina
anterior.

MULLERES GALEGAS

solucionada



Muxía

Eva Castiñeira naceu en

Pandeireteiras de Mens

á agrupación Aturuxo á Arxentina

Foron cantar xunto

Eva Castiñeira

Grabou un disco

Prudencia Garrido

das Pandeireteiras de Mens

Formou parte do grupo

Cerceda

naceron no lugar da Igrexa en

Rosa e Adolfin Casás



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE